



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación definitiva modificación Ordenanza municipal reguladora plantacións forestais e da protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais na execución de plantacións, cortas, depósito, carga e transporte de madeira

ANUNCIO

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora das plantacións forestais e da protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais na execución de plantacións, cortas, depósito, carga e transporte de madeira do Concello de Dodro

O Pleno municipal en sesión ordinaria, que tivo lugar o día 10 de decembro de 2020, acordou aprobar inicialmente a **Modificación da Ordenanza municipal reguladora das plantacións forestais e da protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais na execución de plantacións, cortas, depósitos, carga e transporte de madeira no Concello de Dodro**, que foi sometido á información pública (BOP núm. 14, do 22 de xaneiro de 2021, así como na web do Concello www.dodro.gal e na sede electrónica deste <https://sede.dodro.gal>, de data 26 de abril de 2021).

Logo de ter transcorrido o prazo de exposición pública sen que se teña presentado reclamación ningunha, considérase o acordo elevado a definitivo, ao abeiro do disposto no parágrafo final da letra c) do artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, que regula as bases do réxime local.

Así, de conformidade co artigo 70.2 da dita lei, para os efectos da súa entrada en vigor, e teña transcorrido o prazo previsto no seu artigo 65.2 procédese á publicación íntegra do texto da referida Ordenanza:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS E DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS NA EXECUCIÓN DE PLANTACIÓNS, CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA

Exposición de motivos

O Concello de Dodro atópase nun acusado entorno forestal que complementa a súa importante zona de braña nos esteiros do Ulla e o Sar. Así, está situado aos pés da serra do Barbanza, e conta cunha grande masa forestal propia, de ata dúas terceiras partes da súa superficie total, con máis de 2.500 hectáreas de monte común e grandes plantacións de piñeiro, eucalipto e bosque autóctono.

Debido a este carácter do Concello de Dodro, realízanse nel labores forestais de todo tipo que se deben favorecer para o mantemento e fomento da riqueza. Porén, tales traballos poden causar problemas de seguridade viaria e afectar ao propio entorno natural do concello, sendo frecuente que se produzan estragos nas vías e camiños de titularidade municipal, debido ao uso intensivo deles, á manipulación de maquinaria especial, ao emprego de transportes de grande tonelaxe, ao depósito de materiais, etc.

Esta ordenanza pretende acadar a adecuada protección dos recursos naturais e paisaxísticos, así como velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, seguridade viaria, bens municipais e medio natural, que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, corta, depósito e saca da madeira no termo municipal de Dodro.

A ordenanza dítase ao abeiro do disposto nos artigos 25.2.d) e 27.3.b), 68.1, e 139 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, da Lei de Bases de Réxime Local; o artigo 80.2.a), d), f) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia; os artigos 74 a 77, e concordantes, do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. Ademais, o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia e desenvolve a Lei de Estradas de Galicia, avala a capacidade do titular das estradas para exercer as facultades e prerrogativas que ostenta, entre elas a disposta no artigo 36 que lle permite impoñer de xeito motivado limitacións temporais ou permanentes á circulación en certos treitos daquela ou para determinados tipos de vehículos, nos supostos previstos na normativa en materia de circulación, e o artigo 47, que regula a posibilidade de someter ao deber de

obter a correspondente autorización previa no caso de execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, correspóndelle á administración titular da estrada o seu outorgamento.

Neste sentido, esta ordenanza establece unha intervención e control municipal obrigatorio para a realización dos traballos referidos pola vinculación destes cun uso intensivo de vías municipais; as normas para a súa tramitación dun xeito áxil e simplificado; a imposición dunha caución, e os mecanismos sancionadores precisos para garantir o seu cumprimento.

En canto á organización da ordenanza, establécense tres partes diferenciadas en Títulos, que se corresponden cos tres grandes temas que trata de regular a ordenanza: a plantación e repoboación forestal dentro da competencia municipal; o procedemento para a autorización de traballos forestais de plantación, corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal, así como as obrigas de quen realizan ese traballos, sobre todo en relación coa conservación das vías municipais que empreguen; e o réxime de infraccións e sancións para quen incumplan as obrigas ou o procedemento, precedidos dun título preliminar. Así, o Título Preliminar recolle o obxecto da ordenanza; o Título I está adicado ás operacións de plantación e repoboación forestal; o Título II versa sobre a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais con ocasión das labores de plantacións, corta, depósito, carga e transporte de madeira, e o Título III, establece o réxime de infraccións e sancións.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto e finalidade

1. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación, dentro da competencia municipal, e sempre sen prexuízo das competencias autonómicas, das plantacións e repoboacións forestais e das actividades forestais de corta de madeira, así como do depósito, carga e transporte de madeira, establecendo un sistema de control previo e de infraccións e sancións, para que non resulten delas prexuízos irreparables para os bens municipais nin para o medio natural.

2. Esta ordenanza pretende, así, facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no Concello de Dodro, coa preservación do medio natural, coa conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

Artigo 2. Ámbito xeral

Esta ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan no Concello de Dodro e que teñan por obxecto a obtención de madeira ou a plantación, e o seu transporte, e inclúe, sen carácter preclusivo, as operacións preparatorias da corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira, etc.

TÍTULO I.-REPOBOACIÓNS E PLANTACIÓNS FORESTAIS

Artigo 3. Obxecto, ámbito e lexislación sectorial

1. Con carácter básico, a actividade forestal quedará suxeita ao cumprimento da lexislación sectorial en materia de montes, incendios, medio ambiente, estradas, augas, patrimonio ou calquera outra que afecte ás actividades aquí reguladas.

2. As árbores froiteiras quedan exceptuadas da aplicación desta ordenanza.

3. Non terán a consideración de plantacións os cerramentos vexetais que, cando non sexan medianeiros deberán cumprir o establecido no art. 591 do Código civil.

Artigo 4. Prohibicións

1. Establécense, con carácter xeral, os seguintes usos prohibidos en materia de repoboación forestal:

- a) As repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais.
- b) As repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prado ou pastos, con independencia da súa cualificación urbanística.

Artigo 5. Distancias mínimas

1. Con carácter xeral as repoboacións forestais situaranse segundo as diferentes especies e respectando as distancias marcadas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e demais normativa sectorial aplicable, e especialmente deberán cumprir coas distancias fixadas no anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

2. As distancias mínimas que deberán respectarse nas repoboacións forestais, segundo o dito anexo II da Lei 7/2012, de montes de Galicia, son as seguintes:

- a) Con parcelas forestais: 2 metros.
- b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria: 10 metros.
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria: 4 metros para especies frondosas e 10 metros no resto de especies.
- d) Dende o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril: 2 metros para especies frondosas e 10 metros no resto de especies.
- e) Con pistas forestais principais: 2 metros para especies frondosas e 4 metros no resto de especies.
- f) Desde a proxección do condutor máis externo da infraestrutura eléctrica: 5 metros para todas as especies.
- g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo: 5 metros para as especies de frondosas e 15 metros no resto de especies.
- h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fóra de solo urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico independentemente da súa distancia ao monte: 15 metros cando se empreguen especies frondosas do Anexo I, e 50 metros no resto de especies.
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable: 2 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 50 metros no resto das especies.
- j) Con cámpings, gasolinerías e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas: 25 metros para especies frondosas caducifolias e 50 metros para o resto de especies.

3. As distancias mediranse dende o límite exterior da repoboación, entendendo por tal o pé do exemplar dela máis próximo ó linde da finca. Se existisen gabias ou estrutura similar, a distancia medirase a partir do bordo destas máis próximo á plantación.

4 O voo das plantacións forestais non poderá invadir o espazo do sistema viario, determinado pola proxección vertical dos seus bordos máis externos e, no caso de facelo, poñeranse as árbores de xeito que deixen unha altura de gálbo de 5 metros como mínimo.

TÍTULO II.-REGULACIÓN DA CORTA DE PLANTACIÓNS, E DO DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DA MADEIRA DE CORTA

Artigo 6. Corta de plantacións. Comunicación previa

1. Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas municipais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da corta de plantacións forestais que se produza neste termo municipal ou, producíndose a corta total ou parcialmente noutro termo municipal, cando a madeira sexa transportada, en todo ou en parte, por vías municipais do Concello de Dodro.

2. Quedan exceptuados da obriga de presentar comunicación previa as persoas físicas que realicen as actividades de corta a que se refire esta ordenanza por si mesmos en terreos da súa propiedade, ou para outros como traballos de boa vontade ou familiares, sempre sen fins comerciais, e coa condición de que a madeira extraída non supere as 3 Tm e se realice con vehículos de carácter agrícola de uso particular cuxo peso máximo non supere os 4.000 quilos.

Estas persoas poderán, non obstante, ser requiridas en calquera momento, durante a realización dos traballos, para que xustifique a existencia de calquera das circunstancias expresadas e que permiten sexa aplicada esta excepción.

3. A comunicación previa será efectuada pola persoa física ou xurídica responsable da corta a través do Rexistro de Entrada do Concello de Dodro, en calquera das formas previstas no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, debendo constar nela os seguintes extremos:

- Declaración responsable da empresa ou persoa física responsable da corta, na que conste de xeito expreso que se posúen os permisos ou licenzas de actividade preceptivos para a realización das actuacións comunicadas, a clase de traballos a realizar e a duración estimada deles, indicando data de inicio e de fin.
- Copia da comunicación feita, respecto da corta, ao órgano competente en materia forestal da Xunta de Galicia, ou, no seu caso, copia da autorización concedida para ela, nas que deberán constar os datos da clase da madeira da corta e as toneladas a extraer.
- Identificación da/s parcela/s afectada/s e a súa situación nun plano axeitado.

- Identificación do/s lugar/es de depósito e de carga, que deberán ser de titularidade privada.
- Identificación das vías a utilizar para o transporte da madeira en plano axeitado para o efecto.
- Identificación da maquinaria de transporte, abatemento e calquera outra de maior tonelaxe que se vaia empregar para o traballo.
- Xustificante de ter presentado a fianza descrita no artigo 8 para responder do amaño dos deterioros que puideran producirse no viario e da limpeza dos restos das operacións de depósito e carga da madeira, de ser o caso.

4. A comunicación previa deberá presentarse, como mínimo, cun período de antelación de 15 días ao inicio dos traballos.

Durante este prazo os servizos municipais poderán comprobar o estado inicial do viario que vai ser utilizado pola empresa, a existencia ou non nesas vías de servizos municipais soterrados que se deban protexer, etc.

5. Os servizos municipais competentes informarán previamente á autorización sobre a pavimentación e o estado das vías que van ser utilizadas polos solicitantes, co obxecto de preservar e garantir os intereses destes e os do Concello.

Artigo 7. Limitacións

1. A concesión poderá estar suxeita ás restricións temporais ou condicións técnicas motivadas que decida o Concello.
2. Non serán autorizables as comunicacións previas daquelas persoas, físicas ou xurídicas, que, como consecuencia de traballos anteriores, cometesen infraccións contra a presente ordenanza e estean pendentes de reparar danos ou de resarcir ao concello; aqueles que teñan pendente o pagamento dalgunha sanción recollida nesta ordenanza. Esta limitación faise extensiva a aquelas empresas que participasen nos traballos e sexan susceptibles de ser responsables do pagamento dos danos.

Artigo 8. Fianza

1. A persoa ou empresa responsable da corta deberá presentar, xunto coa comunicación previa, xustificante de ter presentado fianza, por calquera dos procedementos establecidos na lexislación vixente, polo importe que se indica no apartado seguinte, para responder, no seu caso, do arranxo dos deterioros que puideran producirse no viario e/ou a terceiros que circulen por el, e da limpeza dos restos das operacións de depósito, carga e transporte da madeira.

A caución ou fianza poderá ser substituída pola presentación de póliza de seguro de responsabilidade civil do empresario ou empresa que realice os actos regulamentados, acreditando a vixencia e cobertura desta para os traballos a realizar durante todo o período que duren as operacións e que inclúa os danos a terceiros derivados da actividade da empresa ou empresario e, especificamente, cubra os danos en vías e equipamentos públicos.

2. Establécense dúas contías atendendo ao peso máximo autorizado do maior dos vehículos ou conxunto de vehículos empregados:

- Se o peso máximo autorizado non supera as 16 Tm., fíxase unha caución de tres mil euros (3.000,00 €) ou, se é o caso, o correspondente seguro de responsabilidade civil por unha contía non inferior a 50.000,00 €.
- No caso de que algún vehículo, ou o conxunto, supere esta masa máxima autorizada, entón a caución ascende a cinco mil euros (5.000,00 €) ou, se é o caso, o correspondente seguro de responsabilidade civil por unha contía non inferior a 100.000,00 €.

3. As persoas exceptuadas da obriga de presentar comunicación previa tamén o estarán da obriga de prestar fianza ou caución.

4. Para o caso de que a empresa ou empresario subcontracte os traballos ou parte deles a outra empresa, deberá presentarse tamén a póliza de seguro de responsabilidade civil do empresario ou empresa subcontratada que realice os actos regulamentados, acreditando a vixencia e cobertura desta para os traballos a realizar durante todo o período que duren as operacións que inclúa os danos a terceiros derivados da actividade da empresa ou empresario e especificamente cubra os danos en vías e equipamentos públicos.

5. A contía será reintegrada e/ou cancelada previo informe favorable dos servizos municipais, unha vez finalizada a corta forestal, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que, de non obter o dito informe favorable, se produza a incautación definitiva dela, e a aplicación do réxime sancionador e demais consecuencias legais esixibles.

6. Sendo depositada unha fianza por parte dunha persoa ou empresa para levar a cabo unha corta, rematada esta sen haber motivos para a execución total ou parcial da dita fianza por parte do Concello, e sempre que a dita fianza sexa suficiente e non fose requirida a súa devolución, esa persoa ou empresa poderá solicitar ao Concello a validez da dita fianza para cortas posteriores.

No caso de que nas operacións de depósito, carga e transporte interveña persoal e/ou maquinaria subcontratados pola persoa ou empresa responsable da corta que fixese a comunicación previa, as súas responsabilidades para co Concello entenderanse subrogadas na fianza depositada.

Artigo 9. Normas e obrigas para a realización dos traballos

Con carácter xeral, establécense as seguintes obrigas con ocasión dos traballos de saca de aproveitamentos forestais nas vías públicas municipais:

- Prohíbese a ocupación das vías públicas e do seu dominio con depósitos de madeira, pólas ou ramaxe. Isto faise extensivo ás canalizacións, gabias, pasos ou todo lugar que dificulte o paso ou acceso a propiedades ou vías.
- Preservarase o estado das vías públicas empregadas para a realización dos traballos de corta, depósito, carga ou transporte, correspondendo ao responsable da corta o deber de comunicar ao concello calquera dano producido e a obriga de proceder á reparación dos estragos producidos no firme, gabias, canalizacións ou outros elementos.
- Prohíbese a realización de desprazamentos de terras que, polas súas características, teñan a consideración de movementos de terra para os efectos da normativa urbanística.
- Os traballos ocuparán só o espazo indispensable da vía pública, permitindo sempre a circulación e cumprindo as disposicións normativas vixentes que regulan o tráfico, circulación e seguridade viaria, especialmente as referidas a sinalización de traballos na calzada, corte de carrís ou desviacións na vía.
- O responsable da corta deberá retirar da vía pública nun prazo máximo de 48 horas calquera refugallo ou restos do resultado da corta, depósito ou transporte da madeira.
- O responsable da corta deberá comunicar ao Concello a finalización dos traballos no prazo máximo de cinco días desde o remate destes.

Artigo 10. Responsabilidade

Serán responsables, para os efectos do cumprimento de todas as obrigas e responsabilidades recollidas nesta ordenanza, por esta orde:

1. A persoa ou entidade solicitante da autorización municipal para realizar o traballo.
2. A persoa ou persoas titulares da empresa ou establecemento mercantil que realice os labores.

Artigo 11. Execución da fianza

Transcorrido un prazo de quince días dende que se constate a existencia dos danos ou acumulación de restos, o que se fará a través do correspondente informe técnico, o Concello poderá realizar con cargo á fianza as operacións de amaño, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custes, se non foran totalmente cubertos pola fianza.

TÍTULO III.-INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 12. Infraccións

Para os efectos da presente ordenanza, será infracción administrativa calquera incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela.

Artigo 13. Clases de infraccións

1. As infraccións á presente ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.
2. Constitúen infraccións moi graves:

a) Os feitos tipificados como infracción grave cando a perturbación ou os danos causados a elementos de titularidade pública municipal revistan unha especial gravidade ou relevancia e así se constate no informe técnico emitido ao efecto ou se dificulte ou impida o tráfico de vehículos e persoas polas vías municipais a causa de operacións de carga da madeira ou de calquera outra operación que levara a cabo o responsable.

b) A reincidencia en dúas infraccións graves. Entenderase que existe reincidencia cando se cometan dúas faltas graves no prazo dun ano, contado desde a data na que se constate dende o Concello a existencia dos danos.

3. Constitúen infraccións graves:

a) A realización das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira da corta sen facer a comunicación previa que prevé o artigo 6 da ordenanza ou falsear os datos que nela consten.

b) A realización das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira da corta sen ter constituída a fianza prevista no artigo 8.

c) A non comunicación inmediata ou no seu caso a non reparación dos deterioros producidos no viario, ou nas infraestruturas anexas, así como a non retirada dos restos procedentes das operacións de depósito, carga e transporte de madeira.

d) A utilización de calquera subterfuxio, no caso de que nas operacións de corta, depósito, carga e transporte interveñan persoal ou maquinaria de empresas distintas á que se encarga da corta, para non responsabilizarse dos danos causados.

e) O depósito de madeira e/ou a carga desta nas vías públicas e o vertido dos residuos procedentes das operacións reguladas na presente ordenanza en lugares públicos municipais non autorizados expresamente para iso.

f) Os depósitos de rolla, ramas ou podalla que invadan a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, menoscaben a funcionalidade das cunetas, bueiro, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ao viario, ou supoñan risco para os usuarios da vía.

g) A non adopción das medidas oportunas para que as vías municipais, polas que se fai o transporte da madeira, estean en todo momento libres de ramas, podalla, barro ou calquera outro elemento que supoña risco para os usuarios da vía.

A reincidencia en dúas infraccións leves. Entenderase que existe reincidencia cando se cometan dúas faltas leves no prazo dun ano, contado dende a data na que se constate polo Concello a existencia dos danos.

4. Consideraranse infraccións leves:

Calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 14. Prescrición das infraccións

1. As infraccións previstas na presente ordenanza prescribirán nos seguintes prazos:

a) As infraccións moi graves, aos tres anos.

b) As infraccións graves, aos dous anos.

c) As infraccións leves, aos seis meses.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a infracción se tivera cometido.

3. Interromperá a prescrición a iniciación, co coñecemento da parte interesada, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á parte presuntamente responsable.

Artigo 15. Sancións

1. As infraccións á presente ordenanza serán sancionadas do seguinte xeito:

a) As leves, con multa de 500,00 €

b) As graves, con multa de entre 500,01 € e 1.500,00 €

c) As moi graves, con multa de entre 1.500,01 € e 3.000 €

2. Gradación das sancións:

Para a gradación das multas atenderase aos extremos seguintes:

1. Á natureza do risco ou dano ocasionado, considerando dano extremo dificultar e/ou impedir o tráfico normal de vehículos e persoas polas vías públicas municipais.

2. Á súa repercusión e transcendencia polo que respecta ó prexuízo causado.

3. Ao custo de restitución.

4. Á existencia de intencionalidade ou reiteración na comisión de infraccións a esta ordenanza.

5. Ao atraso inxustificado na reparación dos elementos danados.

Estes elementos serán avaliados en conxunto e segundo as circunstancias do caso, sen prelación, polo órgano instructor.

3. Estas sancións enténdense independentemente das medidas cautelares que poidan adoptarse.

Artigo 16. Prescrición das sancións

1. As sancións previstas no artigo anterior prescribirán nos seguintes prazos:

a) As impostas por infraccións moi graves, aos tres anos.

b) As impostas por infraccións graves, aos dous anos.

c) As impostas por infraccións leves, ao ano.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción, ou tivera transcorrido o prazo para recorrela.

3. Interromperá a prescrición o inicio, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel queda paralizado por máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 17. Procedemento

O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normativa aplicable.

Artigo 18. Obriga de repoñer e indemnizar os danos

1. Sen prexuízo da sanción administrativa que se impuxera, quen infrinja a presente ordenanza terá a obriga de repoñer e restaurar as cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, e responder dos danos e prexuízos causados, na forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. A tal fin, a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

2. A prescrición de infraccións e sancións non afectará á obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao seu ser e estado primitivo, nin á de indemnizar polos danos e prexuízos causados.

ANEXO I
MODELO OFICIAL DE SOLICITUDE

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, SACA, DEPÓSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA

1. Nome e apelidos/nome comercial:

2. NIF/CIF: _____

3. Domicilio fiscal da persoa ou entidade, e domicilio a efectos de notificación de ser diferente do que solicita a autorización:

4. Referencia/s catastral/ais da/s parcela/s onde se van desenvolver os traballos:

5. Lugares, días e horarios no que se van desenvolver os traballos de corta, almacenaxe e transporte da carga:

6. Vías e camiños municipais que se van utilizar para o transporte:

7. Vehículos que se van empregar nos labores:

SOLICITA:

Que se lle conceda autorización para realizar os seguintes traballos forestais:

- Obtención da madeira e o seu transporte, incluíndo tanto ás operacións previas ou preparatorias á corta, como poden ser o desprazamento de vehículos e maquinaria ou os accesos aos terreos; como as posteriores, destinadas ao depósito da madeira, á carga e o seu transporte.

- Outros:

Documentos que deben achegarse coa solicitude:

a) No caso de ser persoa xurídica, documento auténtico onde consten as identidades dos administradores e do representante legal da entidade.

b) Plano catastral das parcelas onde se van desenvolver os traballos, así como das vías municipais que se van a utilizar para o transporte.

c) Copia da autorización da autoridade forestal para a realización da corta ou, de non ser precisa, declaración responsable do cumprimento da normativa forestal vixente.

d) Copia dos permisos de circulación do vehículo ou conxunto de vehículos cos que se van desenvolver os traballos ou documento oficial no que conste a súa masa máxima autorizada.

e) Xustificante da constitución da caución ou xustificante da póliza de seguro de responsabilidade civil, nos termos recollidos na presente ordenanza.

Dodro, ____ de _____ de 20 ____

Asinado:

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO

.....

ANEXO II

MODELO “DECLARACIÓN RESPONSABLE”

D./Dona _____, con NIF _____
e con domicilio en _____

DECLARA:

Que coñece a lexislación forestal, concretamente a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e regulamentos que a desenvolven, e que os traballos a realizar cumpren con todos os requisitos esixidos pola normativa forestal vixente.

Dodro, _____ de _____ de 20 ____
Asinado:

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO

.....

Dodro, 22 de xuño de 2021
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís